



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

ref.: cgm/ Acta Pleno/AX/SX/nº 01/2014-16/01/2014

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 01/2014 DO PLENO DO CONCELLO

Lugar: Auditorio Lois Tobio

Data: 16.01.2014

Hora de convocatoria: 20.00 h

Hora de comezo: 20.04 h

Hora de remate: 22.00 h

ASISTENTES

Fernando Guitián Guitián (alcalde), presidente
Patricia Durán Pérez (concelleira do grupo municipal do PP), vogal
Jesús Salgueiro Pérez (concelleiro do grupo municipal do PP), vogal
Carlos Lameiro Pérez (concelleiro do grupo municipal do PP), vogal
Juan Carlos González Camesella (concelleiro do grupo municipal do PP), vogal
Paula Bouzós Barros (concelleiro da grupo municipal do PP), vogal
Juan Francisco Ferreira González (concelleiro do grupo municipal do PS de G-PSOE), vogal
Ana Isabel Francisco Santos (concelleira do grupo municipal do PS de G-PSOE), vogal
Natalia Sofía Salgueiro Hermida (concelleira do grupo municipal do C.D.L), vogal
José Ignacio Troncoso Quintas (concelleiro do grupo municipal do C.D.L), vogal
Manuel Gómez González (concelleiro do grupo municipal MIXTO), vogal
Xosé Antonio Araújo Quintas (concelleiro non adscrito), vogal
Pauliño del Río Iglesias (concelleiro non adscrito), vogal
María Fátima Rodríguez Áreal (concelleira non adscrita), vogal
María Luisa Tareixa Uxía Varela Nogueiras (concelleira non adscrita), vogal
Emilio Enrique García Crego (concelleiro non adscrito)
Eladio Costas Pererira (concelleiro non adscrito)
Elena Ares Salgado, secretaria acctal. do Concello

ORDE DO DÍA

1. Aprobación das actas anteriores cos números 13/2013 de data 21.10.2013 e 14/2013 de data 07.11.2013.
2. Recurso de reposición presentado polos concelleiros Antonio Araújo Quintas, Pauliño Damián del Río Iglesias, María Luisa Varela Nogueiras, María Fátima Rodríguez Areal e Emilio E. García Crego, contra o acordo plenario do 07/11/2013 relativo á renovación do convenio coa Deputación para a prestación do servizo de recollida de automóviles abandonados.
3. Modificación da dedicación exclusiva da concelleira de Economía e Facenda, Formación e Emprego e Deportes.
4. Dación de conta de informe de Augas de Galicia relativo ao arranxo da canle do río Miñor para favorecer a cría e subsistencia de especie acuática.
5. Fiscalización e control dos órganos de goberno.
 - a. Dar conta das resolucións da Alcaldía dende a sesión ordinaria de data 07.11.2013: dende o número 1561/2013 ata 1856/2013
 - b. Mocións
 - c. Rogos e preguntas

O Presidente declara aberta a sesión ás 20 horas e 4 minutos ao atoparse reunidos todos os convocados dende a citada hora de acordo coa relación que figura no encabezamento da presente acta.

SECRETARIA
(Pontevedra)



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

1. Aprobación das actas anteriores cos números 13/2013 de data 21.10.2013 e 14/2013 de data 07.11.2013.

Pola Presidencia dase conta das actas indicadas no encabezamento deste punto.

Antes de proceder á votación, o Sr. concelleiro Eladio Costas Pereira manifesta que en ditas actas consta un erro por canto non aparece como asistente a ditas sesións. Pregunta se pode votar as mesmas.

A secretaria accidental confirma os erros existentes e retifica dita acta, e constesta ao Sr. Concelleiro que sí pode proceder á súa votación.

O concelleiro antedito manifesta que o mesmo erro consta en acta do pleno núm. 12/13.

A secretaria manifesta que unha vez revisado dito erro da acta 12/13, procederá á retificación oportuna.

VOTACIÓN E ACORDO DA ACTA 13/13 COAS RETIFICACIÓNS INDICADAS

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros accorda aprobar a acta da sesión nº 13/13 de data 21 de outubro de 2014.

VOTACIÓN E ACORDO DA ACTA 14/13 COAS RETIFICACIÓNS INDICADAS

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por maioría dos seus membros (16 votos a prol e 01 abstención: do concelleiro non adscrito D. Emilio García Crego) accorda aprobar a acta da sesión nº 14/13 de 07 de novembro de 2013.

2. Recurso de reposición presentado polos concelleiros Antonio Araújo Quintas, Pauliño Damián del Río Iglesias, María Luisa Varela Nogueiras, María Fátima Rodríguez Areal e Emilio E. García Crego, contra o acordo plenario do 07/11/2013 relativo á renovación do convenio coa Deputación para a prestación do servizo de recollida de automóviles abandonados.

Pola portavoz do Grupo do Partido Popular dáse lectura a proposta de Alcaldía de data 09.01.2014, que literalmente di:

ANTECEDENTES

Mediante escritos con número de rexistro 7126 e 7127, do día 07/12/2013, os concelleiros indicados no encabezamento, presentaron o recurso de referencia mediante escritos con contido casi idéntico, argumentando que dito acordo plenario debe ser sometido novamente á comisión informativa e a aprobación plenaria polos seguintes motivos:

Os concelleiros Emilio E. García Crego, María Fátima e María Luisa Varela Nogueiras manifestan no seu recurso que

- *a notificación da convocatoria da comisión informativa 10-13 debería terse realizado dous días hábiles antes da súa celebración e non 24 horas antes; que recibiron dita notificación por correo electrónico cando deberían tela recibido no seu domicilio; todo elo impediulles asistir a dita comisión informativa que tivo lugar o martes 5 de novembro ás 13.30 horas; que como consecuencia disto, o pleno municipal correspondente a dito asunto é nulo de pleno dereito por imperativo do art. 62 da Lei 30/92.*



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

Os concelleiros Xose Antonio Araújo Quintas e Pauliño Damián Del Río Iglesias manifestan no seu recurso o seguinte:

- a notificación da convocatoria da comisión informativa 10-13 debería terse realizado dous días hábiles antes da súa celebración e non 24 horas antes; que recibiron dita notificación por correo electrónico ás 14.00h cando deberían tela recibido no seu domicilio; todo elo impediulles o dereito de participación nos asuntos públicos e o acceso ao expediente; que como consecuencia disto, o pleno municipal correspondente a dito asunto é nulo de pleno dereito por imperativo do art. 62 da Lei 30/92.

FUNDAMENTOS

Á vista dos recursos presentados, esta alcaldía solicitou informe xurídico da secretaria municipal en relación aos mesmos.

En dito informe indícase a modo de conclusión e despois da fundamentación xurídica oportuna, o seguinte:

"Analizado o acordo plenario obxecto deste recurso, non adolece de ningún vicio de nulidade nin anulabilidade, xa que o mesmo adoptouse dacordo coas regras xerais de funcionamento do pleno.

Conclusión: á vista do exposto entendo que non concurren causas de nulidade nin anulabilidade dos actos administrativos impugnados, polo que propoño ao Pleno deste concello, rexeitar o recurso presentado, sen prexuízo das actuacións que estime pertinentes en relación á convalidación do mesmo."

Polo exposto, PROPOÑO ao pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

1. *Rexeitar os recursos presentados polas concelleiras e concelleiros indicados no encabezamento, polos motivos expostos no informe xurídico municipal.*
2. *Darlle traslado do presente acordo a ditos concelleiros e concelleiras cos recursos pertinentes.*

A Comisión Informativa, por maioría dos seus membros (05 votos a prol: 04 dos membros do grupo municipal do PP e 01 do membro do grupo municipal do CDL, e 03 abstencións: 01 do grupo mixto, 01 do membro do grupo municipal do PSOE e 01 dun concelleiro non adscrito e 02 votos en contra: dos concelleiros non adscritos) ditaminou FAVORABLEMENTE o asunto.

DELIBERACIÓN

O Sr. Alcalde pregunta se algún corporativo desexa facer algún comentario.

Sr. Del Río Iglesias: Procede coa defensa do VOTO PARTICULAR emitido en comisión informativa do día 13/01/2014, coa seguinte intervención:

Boas noites, a min gustaríame en principio saber, porque eu emitín un voto particular na Comisión Informativa que non o vexo reflectido aquí e que hai que votar neste Pleno, segundo teño entendido, primeiro votárase o voto particular e despois votárase a proposta de Alcaldía, non aparece na proposta de Alcaldía, no ditame, mellor dito, que nos lerón, non teño neste momento aquí o ditame pero dá a impresión que no ditame non aparece o voto particular



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
G O N D O M A R
(Pontevedra)

emitido por min e polo tanto parece que cando menos empezamos ben, empezamos outra vez de novo co Pleno cos asuntos que traemos, pois outro asunto máis, parece xa marca do Sr. Guitián. Polo tanto previo entrar no fondo do asunto que é a aprobación ou non desta proposta de Alcaldía sobre o recurso de reposición hai un voto particular emitido por un membro da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, o mesmo alcalde na Comisión Informativa dixo que se votaría no Pleno e que non aparece aquí, gustárame saber por que, para empezar. Grazas.

Sr. Alcalde: Estou consultando coa Secretaria e me di que o que hai que facer agora é que vostede defenda o seu voto particular, xa que disentiu do ditame da Comisión Informativa, defendao vostede por tanto.

Sr. del Río: Grazas Sr. alcalde, simplemente era unha cuestión máis que nada formal porque ese voto debía de estar acompañado no ditame da Comisión Informativa porque independentemente dos que asistimos á Comisión Informativa, houbo membros deste Pleno, concelleiros e concelleiras que non estaban nesta Corporación e que deberían ter acceso a ese voto particular emitido por un membro da Comisión e polo tanto debería estar reflectido na documentación co acceso que temos todos e todas, era simplemente un pouco para ver este asunto. Ben, entendo tamén que se vai votar este voto particular polo que vexo, antes da proposta da Alcaldía aprobada pola Comisión. Ben, en principio eu non vou a discutir aquí un informe xurídico emitido pola Técnica de Administración Xeral, ou neste caso facendo labores de Secretaria Municipal porque non é miña función como concelleiro desta Corporación discutir informes xurídicos pero si vou facer unha valoración política do que pasou nesa Comisión Informativa, porque resulta evidente, xa falando a nivel político, que se incumpriron os prazos da Comisión, que se incumpriu o dereito que temos para ditaminar dunha forma sosegada e razoable unha serie de asuntos que se traen á Comisión, que se ditaminan e esa cortapisa que se nos puxo neste momento parece que non se lle dá importancia, non acabo de entender moi ben por que, porque cando se conculcan determinados dereitos despois pasa o que pasa e esta Corporación, non esta, este Concello, pois a verdade e que ten unha tradición bastante nefasta no tema de facer as cousas á brava por así dicilo. Imos ver, sen entrar nunha discusión claramente xurídica sobre si estabamos en prazo ou non, se o recurso tiña que ir na Comisión ou tiña que ir ante este Pleno, se tiña que estar dirixido ao Pleno ou ao Sr. alcalde como representante do Pleno, etc., etc., hai un feito evidente, ou sobre se a autonomía municipal alcanza a conculcación de leis ou de regulamentos de xerarquía maior, xa non vou a entrar nese tema, simplemente centrándonos en que o Regulamento orgánico municipal establece como mínimo un prazo de 24 horas para que a documentación estea a disposición dos concelleiros e concelleiras, iso non se cumpriu, e iso un feito evidente, e foi un feito evidente que eu fun polo Concello a buscar esa documentación e non estaba, non só non estaba no momento da Comisión Informativa senón que ao día seguinte ao ir a buscar esa documentación para estudiala no Concello de Gondomar non estivo á miña disposición. Polo tanto xa non é que se conculcaran ou non determinados dereitos que temos nós para vir aquí e dicir algo fundamentado, con razón, estudado e non o primeiro que se nos ocorre na Comisión Informativa, senón que a maiores, despois, tivemos que vir ao Pleno sen que evidentemente esa documentación que ten que estar a disposición dos concelleiros e concelleiras nada máis se convocan as comisión e os plenos tampouco estaba, pero non só me pasou a min que fun varias veces senón que foi outra concelleira que tamén preguntou por esa documentación e non se lle puido poñer á súa disposición, iso si, como puido esperar ao longo da mañá. Polo tanto, nós consideramos e así o fixemos ver que independentemente de meternos en funduras xurídicas ou incluso aceptando a argumentación por parte da Alcaldía é evidente que non se cumpriu o aspecto formal de 24 horas, iso é un feito evidente. E en segundo lugar, non só se produciu este feito de falta de información, aos concelleiros dende logo, o concelleiro que lles fala e máis algún dos que está aquí ao meu carón, nin sequera tampouco no Pleno polo cal tivemos, e así o puxemos ademais de manifesto porque isto non é un capricho, non é algo que se nos ocorra, non sei, para ter que dicir algo, senón que iso puxémolo de manifesto Sr. alcalde, iso díxosello a vostede, e a vostede o único que se lle ocorreu dicir é que "home, por



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

17 minutos", ou algo así creo lembrar, non sei se eran 17 ou 19, iso foi o único que se lle ocorreu dicir, verdade, cando vostede, cando para máis inri, houbo aquí un concelleiro que foi o Sr. Araúxo que estivo durante unha semana preguntando se ía haber Comisión Informativa, díxoselle que non se sabía, e media hora antes de que saíra esa convocatoria estivo no Concello preguntando se ía haber Comisión Informativa e Pleno e se lle dixo que non sabían, e evidentemente despois aparece esta Comisión a présa e correndo e cando chegamos á Comisión e dicimos as cousas de xeito tranquilo, non tivemos acceso a esta documentación, imos a facer algo, convoquemos outra Comisión, fagamos, non sei, incluamos o punto da orde do día sen pasar pola Comisión, se vota a urxencia e logo se leva á Comisión, é dicir, formas de arranxar este asunto, vostede como sempre que foi o que dixo, que lle daba igual, ordeno e mando. Polo tanto nós consideramos que se conculcaron os nosos dereitos como concelleiros, dereitos de información, dereitos que evidentemente van moito máis alá de ver ou non un expediente, senón de representar aos cidadáns que nos votaron para ditaminar con coherencia e conforme a nosa conciencia o asunto a tratar e que evidentemente isto non é un tema baladí, polo que solicito, como o fixen en voto particular, que se aprobe o recurso presentado e polo tanto se retrotraia á traelo de novo a unha Comisión e a ditaminarse de novo polo Pleno, independentemente que os efectos producidos sexan os considerados polos servizos xurídicos do Concello pertinentes. Grazas.

Sr. Ferreira: Grazas alcalde, boas tardes a todos e a todas. Ben, eu non vou a ser reiterativo porque xa o compañeiro Pauliño deixou claro e ademais é obvio do que estamos a falar, pero mire eu simplemete lle vou a dicir unha cousa, estamos ante unha obviedade, me explico, hai uns procedimentos que son as convocatorias, os organos colexiados como é a Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, e hai unha lei que regula iso, non unha, hai varias, non vou aquí a dicilas, as cales vostede está obrigado a cumprir, se imos a máis xenerosa das que hai fala dun prazo de 24 h. que é o Regulamento de organización municipal, cunha antelación de 24 horas, que pasa, que vostede primeiro, xa convoca esta Comisión dunha maneira non legal que é a través dun correo electrónico, dun e-mail, que non é un método oficial e legal para facelo, distinto é que entre nós moitas veces nos demos por notificados confirmando o mesmo pero dende o punto legal sabe vostede e a súa voceira tamén o sabe que non é legal, ben, pero xa non imos ao medio, imos a que vostede non convocou aos membros da Comisión Informativa en tempo e forma, son 19 minutos, o que queira, é dicir, tíñaos que convocalos con 24 horas mínimo e non o fixo, polo tanto fallos da convocatoria, do medio empregado e do prazo, imos á Comisión e llo advertimos, en vez de chegar a un entendemento o que se fai alí é entrar nunha postura xurídica e ademais que non nos leva a nada de teño razón eu, tés razón ti, pero para estes casos está a lei que lle dá a razón a quen a ten e tamén está neste caso a secretaria municipal que é asesora xurídica do Concello, que ten que ao final dirimir nestes asuntos. Ben, se presenta un recurso porque se considera ademais que se vulneran os dereitos de información e os dereitos ademais de convocatoria a un órgano colexiado, é obvio que así foi, o medio, a forma e o prazo, se desestima ese recurso, co cual non dá, vamos, non ten lóxica, porque non, non se sustenta xurídicamente de ningunha maneira, xa non vou a entrar no ditame do voto particular do voceiro Pauliño e demais pero o que estamos aquí discutindo non ten lugar, non hai discusión tal, o que vostede fixo foi levar a cabo un acto que é nulo de pleno dereito, non hai máis voltas que darlle, vostede ten a obriga de volver a convocar e celebrar a Comisión Informativa levando ese punto e retrotraendo de maneira urxente ou cando vostede considere ese acto ata tal punto. Ben, para ir remantando, lonxe de chegar a acordos vostede enrócase en tirar para adiante, a pregunta que me fago eu, vostede trae isto ao Pleno da Corporación, supoño que contará aprobalo con maioría, pero se non é así e non llo aprobamos, que pasa?, vai a facerlle caso a este acordo e entón como non pasa o punto vai vostede a retrotraer o acto administrativo ata o momento que proceda ou pola contra tamén non vai facer caso aos acordos adoptados aquí por maioría e seguirá para diante ata que vaiamos á vía contenciosa-administrativa e se despois nos dan a razón e a anulan pois non pasa nada, como a responsabilidade do alcalde e cero, en último caso pois, bueno, inda que gañemos non pasa nada, retrotraemos e punto, iso é no que estamos. Dende un punto de vista

SECRETARÍA
MUNICIPAL
GONDOMAR



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

legal estamos falando diso pero dende un punto de vista de responsabilidade política que é a que vostede ten que ter como alcalde sabe que o que está facendo é totalmente ilegal e sabe que se está metendo ademais nun entramado que non o leva a nada, isto en vía contencioso está gañado, non nos faga chegar alí, non perda o tempo, asuma vostede nun momento dado que a convocatoria da Comisión non se fixo en tempo e forma, non pasa nada e listo pero non se enroque coma sempre na súa teimosía de seguir para adiante en cousas que non o levan a nada e que nos prexudican a todos. Ben, o noso voto, o Partido Socialista vai a estar de acordo con ese recurso que se formulou, é dicir, consideramos que ten que ser aceptado e estimado, espero que se os demais compañeiros desta Corporación tamén o consideran así e sumándonos a todos somos nove, que vostede lle faga caso aos acordos que se adoptan, porque entón xa apaga e vamos, sería o último xa. Moitas grazas.

Sr. Gómez: Boas noites a todos, imos ver, aquí as Comisións Informativas, as Comisións de Economía e Facenda, polo menos dende que eu son concelleiro, sempre se convocaron con 48 h. de antelación. Ao parecer creo que hai unha norma que son 24 h., se queremos rexernos estritamente pola norma pois polo menos rexemonos pola norma, pois se son 24 h. son 24 h., pero se estamos levando a norma ao límite e inda algúns compañeiros foron convocados 19 minutos tarde, eu creo que fun convocado máis ou menos dentro de tempo ou ao límite da hora pero se nos queremos rexer, son 24 h., sempre foron 48 h. pero non, se a normativa son 24 h. pois que sexan 24 h. porque temos que estar esperando, pero bueno ese inda non é o gran problema que lle miro eu, o gran problema é a documentación que non estivo a disposición dos concelleiros en tempo, estivo case, practicamente unhas horas só porque ao día seguinte, o acaba de comentar o compañeiro de Corporación Pauliño del Río que tampouco estaba a disposición, e claro, se nos convocan con 24 h. ou 24 h. escasas, a documentación ao día seguinte non está a primeira hora, nós afortunadamente, penso que todos, os concelleiros da oposición, todos estamos traballando, grazas da deus, neste momento é unha sorte estar traballando e temos o noso traballo, a maioría igual traballamos fóra de Gondomar e algúns nalgún momento incluso fóra de Galicia, o que non podemos é con menos de 24 h. unha convocatoria e despois ao día seguinte non estar a documentación a disposición dos concelleiros, co cal neste caso si que estou de acordo co recurso que presenta os compañeiros da Corporación. Nada máis, moitas grazas.

Sr. alcalde: Efectivamente dime a secretaria que debería figurar, que igual está na acta da Comisión Informativa, pero no ditame o que vostede dicía do voto particular, efectivamente é un erro que non esté. Con respecto á discusión política, eu insisto no que dicía naquel momento e leo aquí incluso un estrato do informe que di: "*a vista do exposto entendo que a demora na notificación en 19 minutos constitúe unha acutación fóra de prazo pero se trata dun defecto formal que daría lugar a unha irregularidade non invalidante, por tanto*", di: "*se entende que non concorren causas de nulidade nin anulabilidade dos actos administrativos impugnados*", e por iso que se trae esta proposta ao Pleno. Con respecto á convocatoria por e-mail, efectivamente, non é o procedemento, pero bueno, hai que moverse nas novas tecnoloxías, temos que estar preparados para iso, e por suposto, tráese a este Pleno esta proposta porque é competencia do Pleno, o que decida o Pleno así se fará. Con respecto ao que di vostede Sr. Gómez a convocatoria normalmente se fai con 48 h. pero nesa ocasión non se tiñan preparados os papeis, pois bueno non deu tempo, por iso se fixo con 24 h., non era por outra cousa porque esta miña Comisión Informativa creo que se fixo con 48 h., incluso con máis, bueno, tiramos da lei cando se nos permite lóxicamente.

Sr. del Río: Eu creo, Sr. Guitián, permítame que llo diga, que vostede non se decatara, non acaba de decatarse do que está pasando aquí, vostede non cumpre a legalidade pero inda por riba non cumpríndoa pretende retorcela para ter a razón e iso xa é moi complicado, iso xá é moi complicado de entender, díxoselle, díxenllo eu na propia Comisión, porque vostedes presentaron este correo electrónico cando, ás dúas menos algo do mediodía, creo que o Concello pecha ás dúas e media, polo tanto xa me dirá o tempo que tiñamos nós de ir ver a



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

documentación porque pola tarde que eu saiba non está a documentación a disposición dos concelleiros, pero xa non é só o defecto de forma non invalidante que vostede di é o seu talante, é a súa forma de resolver as cousas e o seu talante non é dicir "é verdade, houbo que convocar isto á présa e correndo, temos que traer este asunto ao Pleno, facémos e levámolo e facemos despois unha convocatoria urxente, sinto este retraso...", o que sexa, non, vostede fai o que lle dá a gana, incumpre a legalidade e inda por enriba vostede quere ter a razón e iso é complicado de aceptar por esta parte que empezamos a estar un pouco cansos e fartos da actitude que ten e non pode ser Sr. alcalde, non pode ser, se vostede o que sacou desta discusión, deste recurso é que bueno, 19 minutos e un erro non invalidante é que non se decatou de nada, é que non se decatou de nada, creo que lle dixeron aquí por activa e por pasiva, os correos electrónicos se aceptan e por que se aceptan, ao mellor legalmente non habería que aceptalos, pero se acepta porque aquí creo que estamos todos para poñer facilidades e chegar a acordos e non ao revés, pero vostede non, vostede se enroca e segue nas mesmas, e segue nas mesmas, eu non me vou a estender neste tema, dáme a impresión Sr. alcalde que vostede unha vez máis, vostede non se decatou de nada, é unha pena a verdade. Grazas.

Sr. Ferreira: Bueno, para acabar porque isto me temo que non nos vai facer tampouco caso como é habitual pero non vai a quedar porque non se lle diga, mire, o que vai facer vostede hoxe aquí é unha ilegalidade manifesta, que lle quede claro, un erro non invalidante é cando pode ser subsanado, é dicir o acto non é nulo de pleno dereito, se retrotrae ata onde está o erro, se corrixe e se salva, vale, por iso é o que ten que facer vostede, onde está o erro, na convocatoria da Comisión, ten que retroarse vostede ata aí, convocala ben e salvar o acto se quere, ese é o procedemento administrativo a seguir, está dicindo e recoñece publicamente que o correo electrónico non vale, porque o acaba de dicir aquí, e que ademais que está fóra de prazo porque pasaban 19 minutos, que máis quere vostede, recoñece que o medio non era o axeitado legalmente e que ademais se fixo fóra de prazo 19 minutos, de verdade que non lle chega con iso para dicir "pois oe, nos equivocamos, hai que retificar", é que non lle vale, eu non sei o que vai a pasar neste Concello, que pasa cando alguén ten que pagar o imposto de rodaxe e acáballe o día un e o paga o día dous, ten recargo, e dá igual como se poña porque non o pagou en tempo e forma e iso é a administración, pois isto é o mesmo, hai un prazo, é que de verdade non ten pensado facer nada, de verdade que ten pensado seguir en esa tónica de aguantar, aguantar e enrocar e que, eu non sei, a este paso sinceramente eu non sei, dígolle a verdade, non sei que facer, non sei que facer, se ir ao xulgado, bueno, non sei, a verdade é que temos un alcalde que a min me deixa asustado porque téñoos visto atrevidos, téñoos visto camaleónicos e hábiles e xogando coa dialéctica pero aquel que recoñece que iso está mal feito, ilegal, fóra de prazo e demais pero que aguanta o chaparrón, tira para adiante e que vos den non o mirei nunca. Grazas.

Sr. Gómez: Imos ver alcalde, dime que as convocatorias todas se fan con 48 h., efectivamente eu dende que son concelleiro menos esa todas, e houbo que rexerse á norma estrita, eu refírome ás formas, a min paréceme ben que se rinda á norma estrita, bueno, neste caso non tampouco porque non se cumpriu con algúns compañeiros, non?, pero se aquí hai boa vontade convócase por correo electrónico, que está perfectamente, todo o mundo ten correo electrónico e cóllese o teléfono e se chama e se di "oe, que nos pasou isto e soamente a facemos con 24 h.", eu creo que aquí todo o mundo está pola labor de axudar, que non nos dá tempo a ter o informe, o informe un funcionario llo escanea alí en cinco minutos, pásello por correo electrónico aos compañeiros e eu creo que todo o mundo aceptaría, se se quere, facendo as cousas con boa intención eu creo que por parte da oposición e o resto dos compañeiros habería tamén boa respostas, o que pasa son as formas, as formas eu creo que non son as correctas. Nada máis. Grazas.

Sr. alcalde: Imos ver, me di vostede o tema do talante, alí explicóuselles claramente que non nos dera tempo, nesa Comisión explicouse claramente o problema que tivemos, estábamos



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

buscando precisamente a súa comprensión, para un caso que temos no que non nos deu tempo a convocalos 48 h. como se fixo ata o de agora sempre, vostede nos fan un recurso, eu o miro ao revés, o miro ao revés de como o mira vostede.

Sr. del Río: Unha cousiña, supoño que se votará o voto particular en primeiro lugar, hai algo que a día de hoxe desmente isto que acaba de dicir vostede e iso é que D. Antonio Araújo falou nas dependencias do Concello de se se ía a celebrar ou non, preguntou expresamente a unha da tarde e se lle dixo que non se sabía absolutamente nada, nin sequera se dubidou, polo tanto é difícil, é difícil que se vostedes estaban esperando un informe non o manifestaran e llo dixeran, pero iso que pasou, ese detalle que pasou cando un corporativo vai alí, media hora antes de que vostede emita esa convocatoria que entendo eu que estaba preparada e pregunta expresamente por isto e se lle di que non se sabe nada indica claramente que vostede non actuou de acordo coa boa fe.

Sr. alcalde: Pero non me preguntou a min, por que non mo preguntou a min que lle tería explicado claramente que a idea era facela, sempre que dera tempo, como que non. Bueno, dime a secretaria que non hai esa votación de voto particular, que non mira por que, esa votación, dime que non hay que facela, a votación que vostede di que hai que facer do voto particular, que non hai que facela, que votamos a proposta e punto (...) Insiste a secretaria que non hai que votar o voto particular.

Sra. secretaria acctal.: El voto particular esta previsto en las Comisiones Informativas para salvar cada uno su responsabilidad, entiendo yo, ahora ustedes hagan lo que consideren oportuno, el voto particular, la responsabilidad de cada concejal se salva con el voto particular, que en este caso solicitó el Sr. del Río en La Comisión Informativa y constó en acta, efectivamente tiene que constar en dictamen, que ya es lo que dijo el alcalde. ¿Cómo se defiende el voto particular y se explica el voto, en Pleno, una defensa ante el Pleno, lo que no se puede es votar aquí, entiendo yo, un voto, porque aquí lo que se votan son propuestas incluídas a través de una moción o de una propuesta del alcalde, a lo mejor me estoy perdiendo yo algo pero eso es lo que yo entiendo porque no hay una previsión aquí dentro de la regulación del voto particular que se prevee en las reglas especiales de Comisiones Informativas y no de Pleno, en este caso, en este artículo al que hizo mención el Sr. del Río en La Comisión informativa dice: "*Los miembros de La Comisión que disientan del dictamen aprobado por esta*" que fue el caso que nos sucedio, "*podrán pedir que conste su voto en contra o formular voto particular para su defensa ante el Pleno*", el voto particular fue solicitado en La Comisión Informativa, consta en acta y ahora el Sr. concejal lo defiende en el Pleno, por si, entiendo yo, primero, para salvar la responsabilidad y segundo si debe ser sometida a enmienda esa propuesta o no, pero lo que entiendo que no se debe votar es un voto, eso es lo que yo entiendo porque la ley no dice con exactitud que se tenga que votar el voto particular, ahora ustedes hagan lo que consideren oportuno, este es el asesoramiento jurídico al Pleno.

Sr. del Río: Ben, eu agradézollo o sempre atinado consello xurídico, pero o voto particular é algo máis que un salvar un sentido dun voto, é máis, no Real decreto 2568/86, coñecido como ROF os que andamos pola casa e onde se establece os tan traídos, manidos, levados e citados terminoloxía do pleno, ditame, proposta, moción, voto, emenda, rogo e pregunta, establece que voto particular é a proposta de modificación dun ditame formulado por un membro que forma parte da Comisión Informativa, deberá acompañar ao ditame dende o día seguinte á súa aprobación, a proposta está feita dende o momento que fixen ese voto particular e evidentemente unha proposta se vota, non é para salvar un voto, non é un por si aca, é unha proposta, se vota, e se aparece no ditame hai que votala, vostedes consideran que non, pois nada, non pasa nada. Grazas.

Sra. secretaria acctal.: Perdona un momento, el problema es que yo no tengo constancia de que se haya formulado una propuesta, propuesta como tal redactada, propuesta que conste en



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

Acta en la Comisión Informativa, en todo caso, en todo caso, si entiendo que hizo propuesta en la Comisión Informativa y que así consta en acta, se somete esa propuesta del voto particular, en una propuesta del voto particular a votación plenaria, deberá acompañar al dictamen desde el día siguiente a su aprobación por la Comisión, acompaña al dictamen la propuesta, yo no tengo en la Comisión Informativa ninguna propuesta, a no ser que sea la que consta en acta, ¿cuál es su propuesta?, pero bueno, formulen la propuesta como consideren oportuno, yo no entro en asesoramientos espontáneos así ahora tampoco por eso que ustedes hagan lo que consideren oportuno.

Sr. del Río: Me parece correcto, eu simplemente digo que emitín un voto particular, correcto?, e un voto particular é unha proposta e como tal ten que ser sometida a votación polo Pleno e a proposta que este concelleiro fixo ao emitir un voto particular era, e creo recordar que falo de memoria, que se estimara o recurso de reposición e creo que todos os que estabamos nesa Comisión o oímos claramente. Grazas.

Sr. alcalde: Bueno, a secretaria, claro, dime que, claro, o asesoramento así sobre a marcha é complicado, de todos os xeitos, polo tema do talante eu lle propoño a todos vostedes votar a proposta que exerce o concelleiro Sr. del Río a través do seu voto particular, a proposta sería: estimar o recurso de reposición presentado polos cinco concelleiros, imos votar esa proposta, a votamos a ver que pasa e vemos como temos que seguir, se temos que seguir coa proposta que trae a Alcaldía ou non, non o sei.

PROPOSTA DO SR. DEL RÍO IGLESIAS VINCULADA AO VOTO PARTICULAR

Estimar os recursos de reposición interpostos polos concelleiros e concelleiras non adscritos/as con rexistro de entrada do 07/12/2013, con números 7.126 e 7.127.

VOTACIÓN E ACORDO DA PROPOSTA VINCULADA AO VOTO PARTICULAR

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria y por maioría dos seus membros (08 votos en contra: 6 do Grupo municipal do PP e 2 do Grupo municipal do CDL; 09 votos a prol: 1 do Grupo mixto; 2 do Grupo municipal do PSOE e 06 dos/as concelleiros/as non adscritos/as) **acorda aprobar a proposta antedita.**


Sr. alcalde: queda aprobada a proposta do Sr. del Río, a partir de agora, seguimos coa proposta de Alcaldía ou xa non fai falta, porque non ten sentido? (...), pois xa está, queda estimado o recurso interposto polo Sr. del Río que ao final era non estimar a miña proposta, que era o mesmo, pero bueno, está ben.

3. Modificación da dedicación exclusiva da concelleira de Economía e Facenda, Formación e Emprego e Deportes.

Pola portavoz do Grupo do Partido Popular dáse lectura a proposta de Alcaldía de data 09.01.2014, que literalmente di:

Corresponde ao Pleno da corporación municipal a proposta do Alcalde a determinación do número, tipoloxía e retribucións das dedicacións exclusivas ou parciais que desenvolven os membros da corporación municipal dacordo co disposto nos artigos 74 e 75 da Lei 7/85, de 02/04, reguladora das bases de réxime local, artigo 7 da Carta europea de Autonomía local e 28 e seguintes do Regulamento orgánico municipal

O día 28/11/2013, a concelleira Natalia Salgueiro Hermida solicita a esta alcaldía, a modificación da súa dedicación exclusiva por unha dedicación parcial, por motivos de índole profesional e persoal. Dita concelleira solicita que o importe económico de dita dedicación parcial sexa de 15.750 euros, resultante dunha minoración económica do 10% solicitada no





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

seu día sobre a dedicación exclusiva e practicando unha redución sobre dita asignación exclusiva no 50%.

O día 09 de xaneiro de 2014, dita concelleira solicita o recoñecemento de compatibilidade do seu cargo público cunha actividade profesional privada a desenvolver nun termo municipal diferente, consistente en asesoría de empresa contable e fiscal. En dito escrito a interesada manifesta que dita actividade non ten ningunha vinculación coa que poda exercerse no ámbito do cargo público.

Segundo o establecido polo artigo 14 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, o exercizo de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fora das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade. Dita resolución corresponde ao pleno da corporación.

Segundo a base de execución 25 do orzamento municipal vixente, as dedicacións parciais reúnen as seguintes características:

	Retrib. Bruta anual (14 pagas)	Dedicación mínima
Concell deleg. Urbanismo, patrimonio e vivenda	21.000	60% xornada
Concell deleg. Educación, conservatorio, sanidade, ludoteca, turismo, industria e comercio	21.000	60% xornada
Concell delegado vías e obras e saneamento	21.000	60% xornada
Concell. Delegado servizos	21.000	60% xornada

Considerando o disposto nos artigos relacionados no parágrafo primeiro da presente proposta e no artigo 30 do Regulamento orgánico municipal, pola presente propoño ao Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

1º.- Recoñecer a compatibilidade da actividade profesional privada á que se refire a interesada no seu escrito do 09 de Janeiro, co posto público de concelleira e 2ª tenente alcalde que desenvolve neste concello.

2º.- Modificar a dedicación exclusiva asignada por acordo plenario do 13/07/2011 á 2ª Tenente Alcalde e concelleira delegada da área de ECONOMÍA E FACENDA; FORMACIÓN E EMPREGO E DEPORTES, NATALIA SALGUEIRO HERMIDA por unha dedicación parcial coas seguintes características:

CARGO	RETRIBUCIÓN BRUTA ANUAL	Dedicación mínima
2ª TENENTE ALCALDE-Concell. Economía e facenda, formación e emprego e deportes	15.750 euros/ ano, pagadeira en catorce mensualidades	50% xornada

2º.- Modificar a base de execución 25 do orzamento municipal vixente, quedando redactada do seguinte xeito:

"As retribucións dos membros da corporación que desempeñen o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva ou parcial serán as seguintes:

ALCALDE.- Percibirá unha retribución bruta anual de 48.686,40 euros, pagadeira en 14 mensualidades.

Terá dereito a peribir as indemnizacións por razón do servizo ó que se refire o apartado A). 2º da base 27ª; nembargantes, non percibirán indemnización por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colegiados da corporación.

Recoñécense as seguintes dedicacións parciais no desenvolvemento dos seus cargos coas seguintes características:

	Retrib. Bruta anual (14 pagas)	Dedicación mínima
Concell deleg. Urbanismo,	21.000	60% xornada



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

<i>patrimonio e vivenda</i>		
<i>Concell deleg. Educación, conservatorio, sanidade, ludoteca, turismo, industria e comercio</i>	21.000	60% xornada
<i>Concell delegado vías e obras e saneamento</i>	21.000	60% xornada
<i>Concell. Delegado servizos</i>	21.000	60% xornada
<i>2º tenente Alcalde- Concell. Economía e Facenda, formación e emprego e deportes</i>	15.750	50% xornada

3º.- A retribución relativa á 2ª Tenente Alcalde dividirase en catorce pagas, das que doce serán con devengo mensual e dúas devengarase nos meses de xuño e decembro e terá efecto dende a adopción do presente acordo.

4º.- As percepcións de retribucións polo desenvolvemento de cargos con dedicación exclusiva e parcial será incompatible con calquera outra retribución con cargo a fondos públicos, así como coa derivada do exercizo doutras actividades nos termos sinalados na Lei 53/84 de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

5º.- Proceder á publicación e notificacións oportunas do presente acordo dacordo coa lexislación vixente.

A Comisión Informativa, por maioría dos seus membros (05 votos a prol: 04 dos membros do grupo municipal do PP e 01 do membro do grupo municipal do CDL; e 05 abstencións: 01 do grupo mixto, 01 do membro do grupo municipal do PSOE e 03 dos concelleiros non adscritos; e ningún voto en contra) ditaminou FAVORABLEMENTE o asunto.

Antes da deliberación o Sr. Del Río Iglesias presenta ao abeiro do art. 97.5 do RD 2568/1986, por escrito ante o Sr. Alcalde, unha emenda a dita proposta.

O Sr. Alcalde solicita un receso.

DELIBERACIÓN:

Sr. alcalde: Imos ver, con respecto a este punto, por unha banda me presenta, bueno, isto foi público, o concelleiro Pauliño del Río preséntame unha emenda, por outra banda a concelleira Natalia Salgueiro tamén tiña previsto presentar unha emenda, non teño claro e non son quen de asesorarme axeitadamente se teño que aceptar ou non aceptar a emenda, tanto a proposta neste caso por Pauliño del Río como se fora por Natalia Salgueiro. O feito de aceptala ou non aceptala por min que son o que fago a proposta, ese feito de que non estea clara e polo tanto votar estas enmendadas ou non votalas, a min me sitúan nunha situación, valga a redundancia, non clara, eu entón o que vou facer ata non telo aclarado é retirar este punto da orde do día e seguimos co seguinte. Me quedo coa súa emenda se non lle importa.

Sr. del Río: Inda que me importara agora é da Administración Municipal, espero que non a..., pode usufrutuála como moito.

Sr. Alcalde: Moi ben.

O alcalde procede á retirada do asunto da orde do día.

4. Dación de conta de informe de Augas de Galicia relativo ao arranxo da canle do río Miñor para favorecer a cría e subsistencia de especie acuática.

O Alcalde da conta do dito informe de 5 de decembro de 2013, que transcrito literalmente di:



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Dende Augas de Galicia reenvíasenos unha documentación complementaria a eles, dende o Concello de Gondomar, onde se fan unha serie de consideracións e solicitudes sobre o río Miñor e o seu estado actual.

ANTECEDENTES:

Á vista da documentación recibida neste Servizo de Conservación da Natureza referente ao proxecto considerado, infórmase o que segue:

- Que segundo escrito de dona Elena Ares Salgado, Secretaria do Concello de Gondomar, levántase acta dunha "moción relativa ó arranxo da canle do río en Gondomar para favorecer-la cría e subsistencia da Especie acuática".

Tras isto emítase certificado do acordo tomado polo Pleno do Concello en sesión ordinaria de 6/6/2013 referente a este proposición.

- Na exposición de motivos do acordo tomado consta o que segue:

"Por todos é coñecida a afección á pesca d a troita en Gondomar e arredores. E para favorecer-la cría e subsistencia da especie acuatica existente, sería convinte:

I. - Colocar Pedras (Taludes) na canle do río, en ámbolos lados e de maneira descontínua, para favorecer que con este saltos de auga se osixene o río.

II. - Sacar area da canle do río, a altura do cruce de Zamáns-Miñor, a altura da ES. De Mañufe, fronte as escolas Proval e Xunqueira.

III. - En base ó anterior o Concello de Gondomar presenta dúas solicitudes:

"1.- Instar á Xunta de Galicia a que faga un estudo previo á colocación de pedras (Taludes) na canle do río...."

2.- Instar a Augas de Galicia á retirada de arbores na canle do río"

DISCUSIÓN:

Ó respecto do anteriormente sinalado, dende este Servizo sinalar o que segue:

1. *- Calquera actuación que se pretenda realizar nun curso fluvial, necesita que se faga baixo a dirección dun proxecto técnico debidamente complementado e asinado. Neste Proxecto deben constar todas e cada unha das actuacións que se pretendan levar a cabo, eos seus pros, as súas contras e as medidas correctoras ou de prevención se fosen necesarias.*

2. *- Que no río Miñor no só existe unha especie acuática, tal e coma se cita no escrito, polo que ó mellor, actuacións propostas coma favorables para unha especie non o son tanto para as outras (variacións no substrato, cambios na vexetación, modificación dos lugares de agocho,...). No referente á fauna, comentar que e obrigatorio respectar todas as especies ameazadas, catalogadas pola Directiva Hábitat coma estritamente protexidas, ou que precisan medidas especiais de conservación, evitando a destrución de posibles refuxios, para o que é fundamental a planificación dos traballos considerando as épocas de cría e nidificación das mesmas.*



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

Lémbrese que é recomendable integrar os cursos de auga naturais e os corredores de vexetación ripícola existentes, respectando a vexetación de ribeira coma galería-camiño para a fauna existente conseguindo unha maior continuidade horizontal das mesmas.

3. - *Que a proposta de colocar pedras coma taludes námbalas dúas beiras do río nas zonas propostas non parece a máis axeitada polas seguintes razóns:*

- *Nas zonas citadas no escrito do Concello, a pendente do río esta por baixo do 5%, de tal xeito que a colocación de obstáculos no río poucos saltos vai producir e só daría lugar á retención de sólidos nos mesmos (trampas de area), que sería o efecto contrario ó pretendido.*

- *Draga-lo río nalgunhas zonas ten que estudarse moio polo miúdo e mirando todos os efectos colaterais ós que pode dar lugar (extracción de áridos con boas técnicas, acumulación dos restos en lugares autorizados, xestión axeitada dos refugallos, etc.).*

4. - *Este tipo de accións implican un número de actuacións a realizar no curso fluvial con maquinaria pesada. Toda esta maquinaria debería estar debidamente arranxada e sen fugas de ningún tipo, calzadas adecuadamente, con accesos que non prexudiquen o entorno do río, etc. Polo tanto, as principais unidades de obra implicadas seguindo unha orde lóxica de actuación e consonante aos criterios ambientais, serían as seguintes:*

- *Marcaxe e levantamento de trazas.*
- *Roza e despexe de vexetación herbácea.*
- *Preparación de accesos*
- *eparación da cuberta de terra vexetal superficial.*
- *Reposición da terra vexetal retirada.*

CONCLUSIÓNS:

Finalmente coma conclusión sinalar que, sen un traballo técnico ou proxecto onde se describan polo miúdo as actuacións a desenvolver durante as actuacións é difícil avalia-la proposta.


É por iso que dende este Servizo se considera necesaria a presentación dun proxecto que plantee unha descrición dos feitos a desenvolver con tódalas accións a desenvolver (proxecto, obras, efectos, ...)

DELIBERACIÓN

Sr. alcalde: Bueno, o teñen vostedes aí, lles conto un pouco o tema, houbera unha moción creo que presentada por Ana Francisco con respecto a poñer aí unhas pedras para facer uns remansos para as troitas, fixése unha modificación desa moción dicindo que fora Augas de Galicia quen nos dixera como hai que facelo pero agora Augas de Galicia nos devolve a bola e nos di que digamos nós como hai que facelo e logo eles informarán como teñan que informar. Este é o tema.

O Pleno da Corporación municipal queda informado.

5. Fiscalización e control dos órganos de goberno.





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

- a. Dar conta das resolucións da Alcaldía dende a sesión ordinaria de data 07.11.2013: dende o número 1561/2013 ata 1856/2013

En cumprimento do disposto no art. 33 do Regulamento Orgánico deste Concello, dase conta das Resolucións adoptadas por esta Alcaldía no ano 2013 dende o:

1561/11/13, de 11 de novembro de 2013, Resolución relativa á convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Gondomar núm. 21/2013.

1562/11/13, de 11 de novembro de 2013, Resolución relativa á Nomeamento de secretario da comisión de valoración das instancias presentadas para subvencións municipais para a execución de actividades culturais, deportivas e de carácter social ou comunitario 2013.

1563/11/13, de 11 de novembro de 2013, Resolución relativa á gasto de "INSPECCIÓN TÉCNICA DO TURISMO C-15 CON MATRÍCULA PO-3829-AS DE VÍAS E OBRAS".

1564/11/13, de 11 de novembro de 2013, Resolución relativa á gasto de "AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O PAGO FACTURA LUZ ELÉCTRICA E GASTOS FARMACIA".

1565/11/13, de 11 de novembro de 2013, Resolución relativa á Arquivo actuacións expediente 188/2008.

1566/11/13, de 11 de novembro de 2013, Resolución relativa á Contratación laboral temporal de 15 peóns dentro do 2º Plan Provincial de Emprego 2013 da Deputación Provincial.

1567/11/13, de 11 de novembro de 2013, Resolución relativa á participación do Concello de Gondomar no plan Marco-Programa de mellora de camiños.

1568/11/13, de 12 de novembro de 2013, Resolución relativa á Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Herdeiro: Iván Jesús García Iglesias. Causante: Mª Mercedes Iglesias Fernández. Referencia Catastral: 0722919NG2602S0001ZR.

1844/12/13, de 19 de decembro de 2013, Resolución relativa a modificación de Créditos nº 43/2013 na modalidade de Transferencia de Créditos.

1845/12/13, de 19 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 273.

1846/12/13, de 19 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación do gasto de Axuda de emerxencia social para adquisición de alimentos de primeira necesidade".


1847/12/13, de 19 de decembro de 2013, Resolución relativa a concesión ou denegación de permisos, licenzas ou vacacións a funcionarios do Concello (Nadal 2013).

1848/12/13, de 19 de decembro de 2013, Resolución relativa a requirimento de documentación en expediente de solicitude de licenza de obra maior para construción de vivenda unifamiliar no Barrio As Rasas, Gondomar. Exp. 11452.

1849/12/13, de 19 de decembro de 2013, Resolución relativa a requirimento de documentación en expediente de solicitude de licenza de obra maior de acondicionamento de local e actividade na rúa Rosalía de Castro, 1, Gondomar. Exp. 10944.

1850/12/13, de 20 de decembro de 2013, Resolución relativa a aprobación da certificación primeira da obra Adecuación e reforma do auditorio municipal de Gondomar.

1851/12/13, de 20 de decembro de 2013, Resolución relativa a outorgamento das axudas municipais para comedor escolar propostas pola Comisión de valoración, dos/as usuarios/as dos centros de ensino público non universitario do concello de Gondomar que contan con servizo de comedor e que serán xestionados polo concello en virtude do convenio de colaboración asinado en data 5 de xullo de 2013 coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

1852/12/13, de 20 de decembro de 2013, Resolución relativa a solicitude de Antonia María Núñez Sestelo en n/r da Comunidade de Propietarios Diego Sarmiento de Acuña de solicitude de copia de planos. Exp. RX 5817.

1853/12/13, de 23 de decembro de 2013, Resolución relativa a nomeamento de alcaldesa acctidental.

1854/12/13, de 19 de decembro de 2013, Resolución relativa a convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Gondomar núm. 24/2013.

1855/12/13, de 19 de decembro de 2013, Resolución relativa a devolución sobranse de subvención concedida pola Consellería de Traballo e Benestar ás entidades Locais para a contratación de traballadores desempregados para a realización de obras/servizos de interese xeral e social o abeiro da Orde do 29 de decembro de 2008.

1856/12/13, de 17 de decembro de 2013, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de licenza de obra menor para cambio de tella en Pedrouco, 2, Chaín, Gondomar. Exp. 11527.

O Pleno da Corporación municipal queda informado.

a. Mocións

1. Moción do concelleiro Juan Francisco Ferreira González relativa ao outorgamento da medalla de ouro ao Clube de Fútbol Gondomar (RE 14/01/2013 con núm. 0184)

D. JUAN FRANCISCO FERREIRA GONZALEZ, na súa condición de voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Gondomar, comparece e como mellor en dereito proceda **DI**:


Que ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

Exposición de motivos

Que no ano 1993 polo pleno desta corporación municipal foi aprobado o Regulamento Especial de Honores e Distincións, onde se establecen as maneira e formas de outorgar a persoas e institucións os honores que han de ter recoñecidos polos méritos que nelas coincidan.

Neste caso, estamos a falar de unha institución como é o "Club de fútbol Gondomar", que vai cumprir cen anos de historia no noso pobo. Só trece clubs de fútbol, a día de hoxe, en todo o territorio nacional teñen a honra de poder alcanzar un século.

É bo lembrar que só dous clubs, o "Real Club Deportivo de A Coruña" e "Q Ribadeo Club de Fútbol", son quén de cumprir tal honra en nosa comunidade.





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Galega.

Centenario que cumpre o Club de fútbol Gondomar, por diante do Real Club Celta de Vigo, do Racing de Ferrol, do Pontevedra C.F. e do Lugo, por exemplo...

Chegar a cumprir cen anos e manterse desta institución deportiva no tempo, non poder ser menos que una verdadeira hora para todos os veciños/as de Gondomar, máis se cabe haber chegado a terceira división nacional e a tempada pasada ascender a categoría preferente.

Afeccionados, socios, xogadores, adestradores e directivos foron e son todo partícipes de que esta institución se perpetuase no tempo (un século).

Equipo que durante os cen anos de andaina, ten dado da canteira, xogadores da talla e proxección nacional como Hermidita, Nolete, Alvarito, etc., e tamén Club que durante cen anos foi e seguirá sendo un baluarte e embaixador do nome do noso concello polo mundo adiante (GONDOMAR).

É POR ESTE MOTIVO e por outros que todos nos sobradamente coñecemos, PROPOÑO Ó PLENO DESTA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE:

ACORDO


Conceder a MEDALLA DE OURO do concello de Gondomar o "Gondomar Club de Fútbol", con motivo da celebración dos seus cen anos como institución deportiva.

Antes da deliberación, o Alcalde advirte que a proposta formulada non pode ser adoitada do xeito exposto polo concelleiro, por canto podería ser nulo de pleno dereito, xa que dito acordo esixe un procedemento administrativo previo establecido polo regulamento municipal de honras e distincións.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: Con respecto ás mocións tamén me informou a secretaria, hai tres que ela me di que realmente non son mocións pero inda que non o sexan ela considera que son rogos, ímolos discutir aquí, deliberar ou debatir, perdón, pero hai unha Sr. Ferreira, que é a súa, entón xa lle adianto para que saiba que inda que puidéramos estar de acordo, paréceme a min e ao noso Grupo, parécenos unha idea razoable ou boa, dime a secretaria que non podemos adoptar este acordo, que sería nulo de pleno dereito posto que non seguimos o procedemento previsto precisamente no Regulamento que vostede fai mención, do ano 93, especial de honras e distincións... Efectivamente, entón esta moción tería o carácter de rogo que tería que ir dirixido ao alcalde para que inicie o expediente oportuno, iso sería como habería que facelo.

Sr. Ferreira: Gracias alcalde, a ver, hoxe ten un día vostede espeso xuridicamente falando, pero non acaba de sorprendeme máis aínda esta decisión que vostede adopta ou toma, imos ver, estame dicindo, entendo ben, que unha moción que presento eu neste Pleno da





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Corporación para que sexa aprobada si ou non polos membros desta Corporación, que non é considerada moción e que debe ser tratada como un rogo que lle teño que facer a vostede dunha maneira, non sei como cualificalo, mire, a ver, aquí hai un regulamento non?, do ano 93 como vostede ben dixo que é para levar a cabo unha especial dedicación, nomeamento, concesión e demais de honras e distincións tanto a persoas físicas como a persoas xurídicas ou institucións, de que estamos a falar, para que o saiban todos os que estan a escoitarme, que de paso así tamén queda, porque despois seguro que non me vai a deixar dicir de que se trata isto, eu o que pido hoxe aquí é que a un clube de fútbol, como é o Gondomar, que vai cumprir cen anos agora en xullo que se lle recoñeza a medalla de ouro do Concello de Gondomar, que aparece reflectida ademais dentro dese Regulamento de distincións e honores como noutras ocasión se nomeou fillo predilecto, etc. a outra xente por parte deste Pleno da Corporación, entón que é o que se lle pide a este Goberno que é o que ten que gobernar, que aquí entre todos nós, os dezasete que representamos aos veciños e veciñas de Gondomar adoptemos un acordo que é en base a ese Regulamento que hai, que é preceptivo, que se non o houbera non poderíamos facelo, teríamos que aprobar primeiro o regulamento, pero como está aprobado do ano 93 e que nos permite, dános a posibilidade de conceder a unha institución unha medalla de ouro, de prata, ou a unha persoa física, pois ser fillo predilecto ou non do noso Concello, pois eu o que propoño Sr. alcalde e que esta Corporación decida dunha maneira libre se cremos oportunos que o Clube de Fútbol Gondomar que vai a cumprir cen anos de historia e que leva representado a Gondomar polo mundo adiante todo este século, sexamos nós quen de conceder a medalla ou non de ouro, se decimos que si e aprobamos todos isto por un acordo plenario vostede como presidente da Corporación e como alcalde do Concello o que ten que facer e empezar a levar a cabo os trámites legais para a concesión desa medalla, nomee vostede unha comisión, faga un expediente, iníceo, faga o que queira, é dicir, eu non lle vou a dicir como vai a levar a cabo vostede o expediente administrativo, non llo vou a dicir porque para iso ten funcionarios, etc., se lle quere dar a medalla de ouro máis grande ou máis pequena, con menos gramos ou máis gramos, se lle vai dar un pergamiño, se o vai facer nun acto público coa banda de música diante ou detrás, eu non entro neses detalles, eu o que digo é que non somos quen a Corporación Municipal como representantes do pobo de Gondomar de tomar unha decisión respecto deste caso que nos ocupa e vostede está de acordo en que se lle dea a medalla ao Fútbol Clube Gondomar si ou non?, pois se está de acordo adoptémolo aquí entre todos e non pasa nada, agora di que teño que facerlle un rogo e non podo presentar unha moción por que non, explíqueo.

Sr. alcalde: Voulo volver a explicar, este acordo sería nulo de pleno dereito, o propio Regulamento o di, voulle a explicar os pasos, por un lado, incoar o expediente por resolución de Alcaldía e nombramento dun instrutor que ten que ser un concelleiro, ese instrutor redacta unha proposta onde se achegan e acreditan os méritos que teña a institución a que se lle queira dar a medalla de ouro, un informe xurídico de Secretaría, entón con esa proposta e ese informe vaise á comisión e se convoca un pleno extraordinario, iso é o que di o Regulamento para acordar o que vostede pretende acordar aquí, conceder a medalla de ouro, e despois dese proceso e cando se acorda o que vostede formula aquí, iso é o que di o Regulamento, por iso lle digo, vostede estase a saltar todo o anterior, e di o Regulamento que ten que ser unha sesión extraordinaria para ese punto concreto e que require maioría absoluta, a partir de todos estes informes anteriores, iso é o que di o Regulamento, e é o que me está a dicir a secretaria e vostede me di, non, neste Pleno presento unha moción para conceder a medalla, non, hai que facelo noutro pleno, por iso lle digo, isto realmente é un rogo, llo estou explicando, bueno, eu o considero así como un rogo e empezamos a mover o expediente, non hai ningún problema, non hai ningún problema, para unha institución que temos que cumpre cen anos a min paréceme razoable, se eu o miro ben pero fagámolo segundo precisamente ese Regulamento, é o único que lle estou dicindo, nada máis.

Sr. Ferreira: Ben, non me parece descabelado o que vostede me está a dicir, nada descabelado, nada, estame a dicir que hai que facer un expediente, inicialo e despois cando



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)


este se reúne as condicións necesarias a institución, vén aquí ao pleno e se concede, é que non pasa nada cando se redacta mal ou alguén di mal as cousas, ao mellor non me expresei ben no punto do acordo, pode ser, pode ser, pero mire, iso ten moi fácil solución, porque se vostede me deixa rexeitar en vez de concederlle a medalla de ouro o Concello de Gondomar pomos: iniciar o expediente de regulamento para a concesión da medalla, ben, parécememe moi ben, mire, vullle dicir máis, ten vostede toda a razón do mundo, e que tal como está redactado o acordo, a ver, aténdeme ou non, tampouco, tampouco agora tire foguetes porque lle saíu unha ben, que aquí parece que, joder, ata o de agora leva metido a pata si, no, pide recesos, levamos sete horas mirándolle para a cara a ver se arranxa para adiante ou para atrás e para unha que vén aquí de humilde o menda que lle fala e recoñece que ao mellor non está ben a A e hai que cambiala pola E xa vostede hoxe ten un día grande, joder, e que..., lémbrese hai media hora que andaba para adiante para atrás que non sabía o que facer, bueno, pois entón un pouquiño máis de a ver, de humildade e "bo rollito", parécelle ben iniciar o expediente?, di a secretaria que non, eu tamén non entendo.

Sr. alcalde: claro, dime a secretaria que non porque non é competencia do Pleno.

Sr. Ferreira: A ver non é competencia do Pleno acordar aquí empezar a iniciar o procedemento, o expediente para ver se procede ou non darlle a medalla, tampouco é competencia do Pleno iso, eu xa non entendo nada.

Sr. alcalde: Imos a escoitar outra opinión.

Sr. Araújo: A ver, Sr. alcalde, eu este tipo de discusións a un, non quero frivolar non, porque realmente as preocupacións da xente de Gondomar dende logo non pasan neste momento nin polo fútbol nin polas medallas de ouro nin por nada diso, e como dicía o outro o día que a xente ou a cidadanía se preocupe tanto pola política como polo fútbol probablemente outro galo nos cantaría, pero ben, temos un Clube que ten cen anos, é importante, é un feito importante que temos que valorar na súa xusta medida, eu creo que si procede a moción, ao mellor redactándoa doutra maneira, quen a propón dirá, nós si que podemos, calquera concelleiro, instar ao alcalde que é quen ten que abrir o expediente segundo o Regulamento, verdade?, nós como concelleiro instamos ou a Corporación se así o decide, instamos ao alcalde de Gondomar a que inicie a apertura dese expediente, primeira cousa, segunda cousa, eu creo que este tipo de cuestión que teñen que ver con honras e recoñecementos e demais deberíamos de procurar na medida do posible apartalo ou afastalo o máis de polémicas porque e que entón facémoslle un fraco favor a quen homenaxeamos, de acordo, é dicir, que estas cousas hai que facelas de xeito consensuado, entón, a min paréceme ben e unha maneira válida que alguén na Corporación algún diga, mire, inicien vostedes isto, e vostede como tamén di o Regulamento pois terá que iniciar o expediente, nomear unha Comisión, haberá que valorar e escribir un informe de por que se lle dá ese recoñecemento, neste caso, ou un alaudatio, o que vostede queira, haberá que plasmalo nun documento, haberá que aprobalo efectivamente nun pleno extraordinario como tamén di o Regulamento e monográfico porque se trata de homenaxear a alguén, entón non imos a meter a aprobación da medalla de ouro ao Gondomar, ao Clube de Fútbol ou a quen sexa, verdade?, nun punto da orde do día dun pleno ordinario onde nos acabamos de zuscara aquí todos, verdade? de lo lindo, non procede, entón eu creo que o sentido común o que di é que Paco se quere que corrixa a redacción instando ao alcalde a abrir o expediente e vostede abre o expediente e nomea unha comisión para elaborar todo ese..., porque eu supoño que cen anos dan para escribir moito e o día que chegemos aquí con esa proposta pois haberá que explicarlle á xente porque esta institución merece ese recoñecemento, non vaia a ser o conto que fagan como os Premios Nobel da Paz, que llo dan a calquera e resulta que despois lle dan o Premio Nobel da Paz e o que fai aos quince días e bombardear Iraq, entón, por favor fagamos ben as cousas non?, nada máis, eu simplemente xa digo, estas discusións de fútbol non me gustan nada pero dende logo por nós non vai quedar que se recoñeza isto ao Fútbol Clube Gondomar, tamén pediríamos unha cousa e é que en





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

todo isto e o que teña que ver con este centenario, por favor, e isto si que é un rogo, que o mínimo gasto por non dicir ningún porque non está a economía e sería bastante difícil de explicar que gastásemos en cousas deste tipo cartos públicos para o fútbol que xa bastante, en fin, está este asunto. Nada máis, moitas grazas.

Sr. alcalde: Grazas Sr. Araújo, a ver, entón Sr. Ferreira, o acordo.

Sr. Ferreira: A ver alcalde, eu con isto, vaia por diante que non quero nin méritos nin nada, isto é unha cousa de todos nós, polo tanto eu non quero facer disto protagonismo ningún, eu o que quero é que sopesemos e que fagamos o posible por, se o merece, eu creo que si, pero é a miña opinión, ter un recoñecemento co Clube, entón, redácteo vostede como queira, tamén llo digo, non, eu o que non quero e que sexa o problema de como vai lexicamente o título, instar, o alcalde, instruír, iniciar, podemos buscar os sinónimos que queira, eu o que quero é que vostede se poña como alcalde, é o alcalde de todos nós a levar a cabo un procedemento destes, nomee un instrutor, faga un expediente, valore e se despois o Pleno da Corporación nese acto monográfico, institucional ou o que sexa considera ter este recoñecemento co Fútbol Clube pois o teñamos e fagamos todos pois disto algo bonito pero sen protagonismo político, agora si, tamén lle pido que austero si pero que a medalla sexa de ouro, a ver si ao final imos darlle a medalla de ouro e lla damos de latón, sería un..., vale?, entón pomos iniciar, instar, instar ao alcalde, iniciar o expediente...

Sr. Alcalde: E que o di aquí, a iniciativa do expediente poderá partir da presidencia o por unha entidade, institución ou corporación da provincia de recoñecido prestixio, bueno, o Pleno pode ser entendo eu...

Sr. Ferreira: A ver, estanme a soplar aquí os da oposición, instar ao alcalde para iniciar o expediente para conceder a medalla de ouro ao Fútbol Clube Gondomar ou Gondomar Fútbol Clube con motivo da celebración do seu centenario.

Á vista do exposto o Sr. Ferreira González emenda a súa proposta, do seguinte xeito:

"Propoño ao pleno desta corporación a adopción do seguinte ACORDO: Instar ao Alcalde a iniciar o correspondente expediente de outorgamento da medalla de ouro ao Clube de Fútbol de Gondomar, con motivo da celebración dos seus cen anos como institución deportiva"

VOTACIÓN E ACORDO DA PROPOSTA EMENDADA

A Corporación Municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acorda aprobar a proposta antedita.

2. Moción da concelleira María Luisa Varela Nogueiras relativa á subida da tarifa da luz (RE 13/01/2013 con núm. 0142)

M^a Luisa Varela Nogueiras, na súa calidade de concelleira nacionalista da Corporación de Gondomar, presenta, para ser debatida no vindeiro Pleno e aprobada, se proceder, a seguinte MOCIÓN

XUSTIFICACION DE MOTIVOS

No último Consello de Ministros de 2013 aprobouse que a partires do 1 de xaneiro a



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

luz suba un 2,3%. Isto pode parecer que non é moito aínda que si o é se temos en conta que a tarifa da luz leva subido nestes últimos anos un 60%.

Este é unha medida máis dun goberno que está máis preocupado por satisfacer as grandes empresas que pola perda de dereitos e a precariedade económica que están a vivir moitas persoas. No caso das eléctricas é público e notorio ,así non é de estrañar que empresas como poño por caso Endesa e Iberdrola figuren entre as máis potentes de Europa tanto por volumen de facturación como por beneficios, e que o Estado español estea entre os tres máis caros en relación a este tema. Isto aínda é máis escandaloso no caso galego xa que producimos máis electricidade da que consumimos.

A electricidade non é o único que sube e seunimos isto aos copagos de medicamentos,ambulancias...a subida irrisoria das pensións,conxelación do salario mínimo, ERES, abaratamento dos despedidos... nesta situación haberá moitas persoas que non poidan facer frente a tarifa eléctrica e poidan atoparse con que selles vai cortar a luz.

Como administración máis achegada a xente non podemos mirar para outro lado e debemos facer todo o posible para que non seproduza esta situación no noso Concello.

Por todo isto,propoñemos al Pleno da Corporación o seguinte


ACORDO


O PLENO DA CORPORACIÓN INSTA AL GOBERNO DE GONDOMAR A QUE SEFAGA CARGO DA TARIFA ELÉCTRICA DAQUELAS PERSOAS QUE NON POIDAN COSTEALA,A CARGO DA PARTIDA DE EMERXENCIA SOCIAL

DELIBERACIÓN

Sr. Ferreira: Nós só dicir que estamos de acordo coa moción.

Sra. Durán: Sra. Varela, simplemente para anunciarlle o noso voto a prol e simplemente indicarlle que bueno, ata o de agora, xa temos o tema, bueno, xa anteriormente, sen a existencia da Ordenanza de emerxencia social, teño constancia de que si, que se atendían estes pagos e a verdade é que si, que ao longo do ano 2011 ata xa rematado o ano 2013 xa houbo varias tramitacións de pagos de luz para evitar o corte, polo tanto seguiremos atendendo, á parte xa vostede no acordo o propón, que con cargo á partida de emerxencia





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

que se axusta aos casos dos solicitantes pois aos criterios da propia Ordenanza de Emerxencia Social, o seguiremos facendo. Grazas.

Sr. Gómez: Imos ver, eu simplemente manifestar o meu voto e por suposto que estou totalmente de acordo co cal o meu voto vai ser a prol. Nada máis. Grazas.

VOTACIÓN E ACORDO DA PROPOSTA

A Corporación Municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acorda aprobar a proposta antedita.

3. Moción da concelleira Ana Isabel Francisco Santos relativa aos convenios da deputación de financiamento dos servizos sociais (RE 13/01/2013 con núm. 0166)

Ana Isabel Francisco Santos, en súa calidade de concelleira do Grupo Municipal do PSG-PSOE., presenta, para ser debatida no vindeiro Pleno da Corporación e aprobada, se procede a seguinte

No ano 2012 o goberno da Xunta decidiu mudar o sistema polo cal financiábase o sistema de servizos sociais nos concellos galegos. Ate ese momento os concellos acadaban un acordo de colaboración coa propia Xunta para a financiación deste servizos. A partir dese momento decidiuse que fora a Deputación de Pontevedra quen, tras un acordo coa Xunta, firmase os acordos cos concellos de menos de 20.000 habitantes e financiara estes servizos.

Mese mesmo ano os acordos cos concellos e a Deputación de Pontevedra acadaronse entre os meses de novembro e decembro. No 2013 esos mesmos acordos foron firmados entre os meses de xulio e agosto e conocéronse as cifras que iban dispor os concellos no mes de xunio.

en provincia de Pontevedra temos 53 concellos de menos de 20.000 habitantes que ven como os seus servizos sociais dependen deste acordo con la Deputación. Esta dependencia provoca que en moitas poblacions os servizos non podan empezar a funcionar ate mediados de ano unha vez que sefirman os convenios para otorgar as axudas, xa que estas subvencións permiten sufragar as contratacións do persoal e os propios servizos de axuda.

E lamentable que este retraso de máis de seis meses provocado pola burocracia da propia Deputación afecte tan directamente os usuarios dos servizos destes concellos que atenden a máis dun tercio da poboación da provincia de Pontevedra.

En consecuencia, propoñemos al Pleno a seguinte Moción:

- Instar a Deputación de Pontevedra a adoptar todas as medidas necesarias para axilizar estos convenios eos concellos.

- A fixar xunto coa aprobación dos orzamentos anuais da Deputación as cantidades que disporá cada concello para cofinanciar os servizos sociais.

DELIBERACIÓN

Sr. alcalde: A secretaria dime, mándame unha nota, dime que realmente non se consideran mocións, que serían rogos, pero, inda así, o formulamos como...

Sra. Francisco: A min dáme igual, porque se é un rogo, perfectamente, espero a rogos e xa está.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sr. alcalde: Debateremos igualmente porque bueno, están aquí, non me parece razoable.

Sra. Francisco: Pois esta moción é para axilizar os trámites para que se adopten as medidas necesarias para a que a Deputación achegue as subvencións canto antes aos concellos de menos de 20.000 habitantes. Paso a lela (...).

Sr. del Río: Nós simplemente para manifestar o sentido do voto que vai ser a prol desta moción e encomendarlle ao Sr. alcalde como deputado que dea rápido traslado da mesma.

Sra. Durán: Si, grazas, simplemte para anunciar o noso voto a prol, do Goberno, a esta moción e indicarlle que con respecto ao noso Concello, a situación xa na que estamos xa nos foron comunicadas xusto antes do Nadal as contías, xa coñecemos as contías para o exercizo 2014 e estamos nestes momentos xa dentro do prazo para xustificar para que se nos pague, xa sabe que o anticipo que foi aprobado en Xunta de Goberno o 11 de outubro, teño aquí os datos, e o ingreso xa se nos efectuou o 30 de outubro, queda o restante que estamos en prazo para a xustificación. Pero bueno, non obstante consideramos que a moción e bueno, todo o que sexa adiantar e acelerar un pouco neste caso a sinatura dos convenios pois bueno, sempre vai ben. Grazas.

VOTACIÓN E ACORDO DA PROPOSTA

A Corporación Municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acorda aprobar a proposta antedita.

4. Moción da concelleira María Luisa Varela Nogueiras relativa ao anteproxecto da Lei orgánica de protección da vida do concebido e dos dereitos da muller embarazada (RE 13/01/2013 con núm. 0184)

Ma^a Luisa Varela Nogueiras, na súa calidade de concelleira nacionalista da Corporación de Gondomar, presenta, para ser debatida no vindeiro Pleno e aprobada, se proceder, a seguinte MOCIÓN

XUSTIFICACIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de outubro propuxemos al Pleno da Corporación que sesolicitara ao Ministro de Xustiza D. Alberto Ruiz Gallardón que non modificara a Lei de Saúde Sexual e Reproductiva e de Interrupción Voluntaria do Embarazo. A nosa proposta foi aprobada por maioría.

Tendo en conta que o pasado 20 de decembro o Consello de Ministros aprobou o anteproxecto da Lei Orgánica de Protección da Vida do Concebido e dos Dereitos da Muller Embarazada, e que este anteproxecto non só remata coa Lei de prazos, ao noso entender a máis respetuosa cos dereitos da muller, senón que elimina o suposto de malformacións do feto que serecollía na Lei de 1.985, o devandito





CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

anteproxecto supón un retroceso intolerabel que nos leva a época dos abortos clandestinos para as mulleres que non teñan medios e non poidan viaxar a países onde si exista este dereito e mesmo a inseguridade xurídica para os profesionais que leven a cabo os abortos.

Ante a perda de dereitos por parte das mulleres e o sufrimento que pode orixinar en moitos casos a eliminación do suposto de malformacións do feto non podemos quedar indiferentes.

ACORDO

O PLENO DA CORPORACIÓN INSTA AO SR. ALCALDE A DIRIXIRSE AO PRESIDENTE DO GOBERNO, D. MARIANO RAJOE BREY, E AO MINISTRO DE XUSTIZA D. ALBERTO RUIZ GALLARDÓN, PARA SOLICITARLLES QUE SE RETIRE O ANTEPROXECTO DA LEI ORGÁNICA DE PROTECCIÓN DA VIDA DO CONCEBIDO E DOS DEREITOS DA MULLER EMBARAZADA.

DELIBERACIÓN

Sra. Varela: Esta moción é parecida a unha que presentamos no mes, no sei se foi en setembro ou en outubro cando o Sr. ministro de Xustiza anunciou que ía a cambiar a lei do aborto, presentamos unha moción para que non lle tocara á lei do aborto, agora presentou un anteproxecto que foi aprobado no Consello de Ministros e a nós pois nos parece unha auténtica aberración, un retroceso, parécenos que volvemos á época dos abortos clandestinos, e entón facemos unha moción para que se retire. Vou pasar a ler a moción.

Sr. Ferreira: Só dicir que nós estamos a prol desta moción e de feito tiñamos tamén para traer unha pero como xa se había presentado esta pois nada, totalmente de acordo con ela. Grazas.

Sra. Salgueiro: Ola, boas noites, eu manifestar que bueno no Pleno do mes de outubro manifestárame en contra da proposta de modificación da lei xa que si que considero que a lei eu creo que debe de ter modificacións de todos os xeitos a proposta de proxectos que agora temos aquí non me parece o máis apropiado e cambiarei o sentido do voto votando a prol da moción. Grazas.

Sr. Gómez: Imos ver, do aborto eu penso que vai coa conciencia de cada un, pero eu penso que non se lle pode obrigar, privar a ningunha muller se quere ser nai de que poida selo pero tampouco se lle pode obrigar a ser nai, entón, polo cal eu penso que a liberdade de cada un, a muller ten unha liberdade, a liberdade de ser nai ou non ser nai, e eu penso que isto vai en contra, en contra das mulleres e das persoas, totalmente, polo cal si que estou de acordo coa moción da Sra. Varela polo cal votarei a prol. Grazas.

Sra. Durán: Nada, simplemente indicar como xa fixen na anterior moción que trouxo a Sra. Varela naquel momento manifestei o meu voto e ademais dixen que era un voto persoal, que cada quen falase e bueno, estou como xa estiven naquela ocasión a prol desta moción.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
DE
GONDOMAR
(Pontavedra)

Sr. alcalde: Como se trata dun voto así, nisto ás veces nós discutimos, un pouco máis persoal, igual algún decide votar outra cousa, bueno votemos pois.

VOTACIÓN E ACORDO DA PROPOSTA

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria y por maioría dos seus membros (14 votos a prol: 3 do Grupo municipal do PP e 2 do Grupo municipal do CDL; 1 do Grupo mixto; 2 do Grupo municipal do PSOE e 06 dos/as concelleiros/as non adscritos/as; e 03 abstencións do Grupo municipal do PP) acorda aprobar a proposta antedita.

c. Rogos e preguntas

Sr. Ferreira: Grazas, novamente, nada eu voulle preguntar só se me pode dicir en que fase se atopa a redacción do PXOM, o Plan de ordenación municipal, e tamén en que fase ou actuacións se están levando a cabo respecto do mesmo e tamén do Plan sectorial da Pasaxe, deses dous documentos que son de interese para o Concello e que levamos esperando por eles moito tempo, como xa aquí ademais o concelleiro había dito ademais "el Plan ya llegó", xa o dixo o ano pasado, non vaia a ser que xa estea aí e non nos enteremos e voulle facer un rogo, nós cremos, e sobre todo do que pasou aquí hai escasos minutos, deberíamos ter claro nesta Corporación que son mocións e que son rogos porque a min isto de que hoxe viñeran catro mocións e que vostede dixera que tres delas son rogos e unha non se acepta e depois as que eran rogos pois se transformaron en mocións e cousas así, eu creo que esa é unha inseguridade xurídica e ademais unha irresponsabilidade de todos nós entrar nese xogo, iso temos que matizalo, primeiro eu voulle dar un exemplo, ou voulle dar se quere unha idea, pois ao mellor o que ten que facer, non sei, nada máis pór na orde do día pois as mocións que son aceptadas ou non, non sei, non lle vou a dicir, pero o que non podemos é chegar aquí coas mocións presentadas, preparadas para o seu debate e o seu acordo e vostede como xa fixo en algunha ocasión cunha moción que presentou o Partido Socialista teña a posibilidade ou a arbitrariedade de dicir cales mocións son consideradas como tal e cales non polo criterio que vostede manexe, iso temos que aclaralo, hai moción, acéptase ou non se acepta, pero non podemos permitirille, me vai a permitir, vala a redundancia, que o que son mocións vostede o considere rogos e depois que nos faga o favor e nos permita que sexan consideradas mocións, de favores non, ou son ou non son, grazas.


Sra. Francisco: Eu téñolle dúas preguntas, unha delas é os contedores de recollida de vidro, foron retirados por algún motivo especial?, porque na parroquia, concretamente onde vivo eu, pois non hai o contedor de recollida de vidro fai dous meses, xa ía preguntar no outro Pleno pero esquecinme, e a seguinte pregunta vai dirixida a vostede, Sr. alcalde, mire, a moción esta do río ao final en que quedou, porque eu o punto non me quedou claro, se ía facer un proxecto, como foi todo tan ás présas, non sei o que vai facer, se vai a facer un proxecto, elaborar un proxecto ou algo, e que bueno, eu a moción a trouxen porque mo pediron, eu tamén á persoa que ma pediu quero darlle unha explicación. Nada máis.

Sr. alcalde: Eu entendo que precisamente o que tería que facer é falar con esa persoa que lle pediu este tema e explicarlle a situación e a partir de aí mover ficha.

Sra. Francisco: Entón que quere, que traia outra moción.

Sr. alcalde: Non.

Sra. Francisco: A ver non, explíqueme porque eu claro, quedeime así un pouco descolocada porque no punto catro correron tan á présa que non sei se a moción que, vai a vostede a elaborar un proxecto para estes puntos que eu pedía, que a ver eu non son pescadora de





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

troitas nin nada pero a ver eu o que quero é que a persoa que me pediu esta moción, que ma pediron varias persoas, darlle unha explicación. Eu lin todo, de verdade, entendo perfectamente.

Sr. alcalde: Colla a esa persoa, vostede e esa persoa veñen a verme a min e falamos do asuntos, e miramos como se pode facer un proxecto deste tema, era o que lle dicía de mover ficha. Iso sería o normal.

Sra. Francisco: Vostede entende, porque é normal que á persoa que mo pide que lle conteste. Vale, grazas.

Sr. alcalde: Quedou entón contestatada esta pregunta?

Sr. Gómez: Imos ver, unha pregunta, xa a fixen no anterior Pleno era, bueno, despois de ter un Pleno extraordinario solicitado polos compañeiros que están en fronte sobre o tema do IBI, preguntara no anterior Pleno, dixeron que estaban co tema xa para mandalo ao organismo pertinente, neste caso para Pontevedra, era para saber como estaba o tema, se xa se mandou, se xa nos informaron, e saber como está o tema porque hai bastante inquietude por parte de moitos veciños, que lle chega ao bulso a todos, e bueno, saber como está ese tema. Despois teño outra pregunta, xa a fixen, díxome que estaban niso, que era orzamentos para o ano 2014, xa estamos no 2014 e claro como no 2013 non houbo orzamentos agora no 2014 creo que a Concelleira de Economía e Facenda vains reducir a adicación ao 50%, digo eu, a ver se non imos ter agora orzamento, claro, agora coa media adicación, cunha enteira non houbo, a ver se con media tampouco imos a tela, hai máis motivos claro, saber como está o tema dos orzamentos, se este Concello vai ter orzamentos no ano 2014. E un rogo que a min mo levan dito, bueno, algunhas persoas e á parte miro que sería necesario aquí na zona ao lado do río, detrás do Centro Neural, aquí nas Cercas, moita xente que vai paseando, ademais agora vén este paseo que se fixo ata alá abaixo, se habería a posibilidade de colocar uns bancos, si que o levan solicitado algunha persoas, porque claro, veñen andando, bueno, persoas maiores, outras máis novas, pero as persoas maiores que xa chegan un pouco cansas cando está o tempo bo pois si que lle apetece sentarse un pouco aí, a máis aí, bueno, coa obra que se está facendo en fronte, cando estea todo aquilo verde, todo iso pois para observala e gozala, eu penso que sería interesante, é un rogo, a posibilidade de poñer eses bancos. En principio nada máis, grazas.

Sr. alcalde: Con respecto ao tema do IBI, que me preguntan, si se enviou, inda estiven falando esta mañá coa interventora e si se enviou todo pero aínda non temos resposta.

Sr. Costas: Quería preguntar sobre un pago efectuado a EPTISA de 57 438,8, a que corresponde. Quería preguntar que pasa coa eliminación das barreiras arquitectónicas, acceso ao Concello, biblioteca, etc. Que pasa co PXOM. Que pasa co polígono da Pasaxe. Fíxose executivo o acordo plenario do 12 de setembro do 2013 con motivo da moción aprobada por maioría absoluta da Corporación sobre a redución do 50% das retribucións exclusivas e parciais dos concelleiros que as gozan. Nada máis.

Sr. Araújo: Grazas alcalde, eu tamén lle ía preguntar sobre o tema da contribución, efectivamente sei que mandaron o acordo plenario para o Catastro pero queríamos saber se o Catastro xa lle pediu máis documentación un simplemente fixeron algunha xestión máis, de falar con eles en persoa para ver como resolver ese asunto, porque o tempo vai pasando e logo pódese complicar moito máis a situación, eu advírtollo, entón gustaríanos saber se efectivamente pois houbo algún tipo de resposta ou faláron vosdes con eles ou como está o asunto porque eu sempre lle digo cando se aproban as mocións póñoille unha coletilla, que non vale mandalas e ala, aí vai, senón que hai que facerlle un seguimento e andarlle enriba para que se cumpran e neste mesmo asunto do IBI e tendo en conta que hai moitas persoas que



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

están pensando ou facendo mellor dito reclamacións ao respecto das súas propiedades porque o feito evidente é o que é e é que non hai Plan xeral dende o 2005 e polo tanto pois ten lugar como xa hai casos en Gondomar a reclamación e incluso a, previos informes do Concello no sentido de que carácter teñen esas propiedades, se son rústicas ou son urbanas, entón estaría ben e isto xa é un rogo que lle fago que dende o Concello se habilítase algunha fórmula tanto para informar aos veciños que queiran facer reclamación que xa sabemos que é unha petición que ten que facer cada persoa individualmente no sentido de como facer as reclamacións pois patrimoniais ou simplemente para saber en que estado está a súa propiedade porque eu témome que isto vai para longo, vai para longo, entón ao mellor en Urbanismo pois hai que habilitar ese tipo de información, ao mellor unha folla de ruta cos pasos que ten que dar a xente incluso para reclamar, etc., etc., é un rogo que lle fago para que o estuden. Despois, tamén lle quería preguntar se vostede ten coñecemento das queixas ou situación dos veciños das vivendas aquí que nós lle chamamos vivendas sociais que pola parte de atrás, no patio de luces hai maleza que nalgúns casos case lles entra polas ventás, non?, eu xa sei que algunha vez se ten cortado pero o problema que teñen estas cousas é que cada equis tempo hai que andarlle enriba para limpar porque senón, a parte de que queda feo tamén no centro da vila e tamén porque os veciños non poden vaixar a limpar pola súa conta, entre outras cousas porque iso no seu día fíxose mal e non hai resaído público para poder andar pola parte de atrás deses edificios, ben pois o rogo é que se limpe ou mellor aínda que se inste ao propietario a que limpe, que é o que procede en primeiro lugar. Tamén preguntarlle que foi dunha moción que se aprobou fai tempo neste Pleno presentada por min ademais polo camiño dos Valos que une o barrio do Toucido coa estrada de Peiteiros que estes días coa chuvia aquilo é impracticable practicamente, entón que pasa con iso e que se arranxe porque a moción dende logo foi aprobada fai bastante tempo. Quería preguntarlle tamén, aquí xa lle dou traslado de queixas que os veciños me trasladan a min e unha ten que ver co burato que hai alí, co pozo sen fondo a este paso, o pozo negro aquel que hai alí pola parte de atrás das vivendas onde ía ir o tanque de tormentas que como sabe vostede con estas riadas aquilo está cheo de auga e está producindo filtracións nos baixos e nos sotós dos edificios do lado, iso pode traer, no seu día tamén, pode traer, tamén lle advirto reclamacións patrimoniais por parte dos veciños que írían a conta do Concello entón eu creo que aí deben tomar medidas canto antes sobre ese asunto, ou pechalo, selalo, que sería o correcto e acabar dunha vez con esa historia ou en fin, xa lle digo que pode haber reclamacións, á parte, a maiores do enfado considerable dos veciños que non se estrañe vostede se un día destes se atopa cunha protesta veciñal. Tamén lle traslado por parte dos veciños afectados se sabe do transporte de viaxeiros por estrada a Vigo e desa reunión pendiente que hai coa Xunta de Galicia e coas empresas que penso que quedaba unha entrevista pendiente e que ía ser para finais de ano, xa estamos a principios de ano, o tempo pasa e seguimos exactamente igual, entón eu creo que ten vostede que forzar esa entrevista canto antes para resolver esa cuestión. E non teño nada máis que lle preguntar, grazas.

Sr. alcalde: Esa entrevista é o xoves.

Sr. Araújo: É o xoves?, de hoxe en oito días.

Sr. alcalde: Si. Imos a confirmalo se é o xoves ou o mércores, si é o xoves 23.

Sra. Varela: Eu teño dous rogos e o primeiro rogo é dicirlles que eu rogo que non se nos diga aos concelleiros e as concelleiras se as nosas mocións son mocións ou rogos, eu non son tan boa como a Sra. Francisco, a min si me molesta que se me diga que unha moción non é unha moción e é un rogo e pola seguinte razón, o rogos nin se debaten nin se votan e as propostas que nós traemos nas mocións hai que debatalas e votalas, polo tanto se nós facemos un rogo co Sr. alcalde non está de acordo pois non ten porque levalo a efecto, mentres que si se votou e sae por maioría si ten que facerse, entón eu penso que iso atenta contra os nosos dereitos e realmente non sei a que vén esta nova moda que vén agora ao Concello de Gondomar, que



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

nunca pasou dende logo, eu dende logo en todos os anos que levo no Concello de Gondomar nunca se nos dixo iso. E o segundo rogo é que bueno, eu non intervín no segundo punto de debate porque estou totalmente representada polo Sr. del Río pero si quero rogarlle agora que por favor, cando se nos comunique que os expedientes están ao noso dispor que estean realmente ao noso dispor e que estén completos, que estén completos, o máis que nos poida pasar é que cheguemos alí e estea outro concelleiro mirando, entón nos arranxariamos entre nós, pero non pode ser que os expedientes non estean completos, moitas grazas.

Sra. Rodríguez: Boa noite, quería facer un rogo que se limpasen as cunetas porque con este ano tan chuvioso a auga descorre polas estradas e está facendo un descalabro importante. Grazas.

Sr. Garcia Grego: Boas noites, o rogo ten relación co que acaba de facer a compañeira e ten relación sobre todo coas as datas en que a cicloxénese ten problemas atmosféricos que moitas veces son imprevisibles e poden ser previsibles se os equipos municipais de Vías e Obras ou a Deputación ten en conta que as estradas que son da súa competencia deben tratar de retirar árbores, a Policía Municipal non pode estar un día como eses con dúas persoas en equipo que foron reforzadas ao longo da mañá por outras dúas pero incapaces por suposto de atender os problemas que houbo de caídas de árbores e todo iso, é imprevisible, non é fácil atender todo iso pero o que si é previsible é dotar á Policía Municipal e ter un protocolo de actuación para esas circunstancias, nada máis.

E non habendo máis temas que tratar, ás 22 horas do día 16 de xaneiro, o Sr. alcalde remata a sesión e dela redáctase a presenta acta que o mesmo asino, de todo o que eu como secretaria dou fe.

